O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUTURAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

7. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución e explotación do Plan de Aforos e do estudo de accidentalidade na rede de estradas da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2021064703).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 6 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de realización, execución, explotación do Plan de Aforos e estudo de accidentalidade.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6/05/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- ANTEA IBEROLATAM S.L.U. (B-15080849)
- UTE formada polas empresas MCRIT S.L. (B-58677428) e COUNT TRANSPORT S.L. (B-64445414)

8. *Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución e explotación do Plan de Aforos e do estudo de accidentalidade na rede de estradas da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2021064703).*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de xuño de 2022 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente a documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- ANTEA IBEROLATAM S.L.U. (B-15080849)



- UTE formada polas empresas MCRIT S.L. (B-58677428) e COUNT TRANSPORT S.L. (B-64445414)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

9. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022009455).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 22 de abril de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do “*Servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación deste contrato remitouse ao Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) o 26 de abril e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/04/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga



da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir a única empresa presentada:

- INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L (NIF: B-62758602)

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de soporte e mantemento da infraestrutura de almacenamento de cabinas UNITY da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022009455).

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de xuño de 2022 procedeu a apertura do sobre “A”, correspondente á documentación administrativa, sendo a única empresa presentada e admitida a seguinte:

- INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L (NIF: B62758602)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre “B” correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada pola única empresa presentada e admitida neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, para que avalíen e ponderen a proposta técnica seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

11. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de limpeza e desbroce do monte do Facho (Cangas)”. (Expte.- 2021055143).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2022003669 de data 12 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de limpeza e desbroce do monte O Facho (Cangas). O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 12 de maio de 2022. Así



mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e a documentación técnica, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir a única empresa presentada: PATRIMONIO INTELIGENTE CASTILLA Y LEON, S.L (B47755624)
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentou a empresa admitida ó Servizo de Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

12. Apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para os secuenciadores da Estación Fitopatolóxica de Areeiro. (Expte.- 2022003917).

O secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022003729, de data 13 de maio de 2022 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para os secuenciadores da Estación Fitopatolóxica de Areeiro.



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 13/05/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha empresa presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da *“Subministración de produtos farmacéuticos e material técnico para os secuenciadores da Estación Fitopatolóxica de Areeiro”* por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.

13. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022007384).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022003415, de data 4 de maio de 2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do *“Servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de traducción automatizada da Deputación de Pontevedra”*.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 05/05/2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento

O Secretario comenta que con data 26/05/2022 a Mesa de Contratación procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliables mediante criterios que



precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir á única empresa presentada:

- Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF B-70001912)

A Mesa de Contratación na reunión do día 26 de maio de 2022 tamén acordou dar traslado da proposta correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avaliasen e ponderasen a oferta da única empresa presentada e admitida..

O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe con data 30/05/2022 e CSV (RMKHEZP5BRMM2QJB) sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

| Empresa | Metodoloxía prestación servizo mantemento (Máx.8 puntos) | Metodoloxía prestación servizo soporte especializado (Máx.7 puntos) | Metodoloxía prestación servizo personalizado dicionarios (Máx. 7 puntos) | Plan devolución servizo (Max. 3 puntos) | Puntuación total (Máx.25 puntos) |
|--|--|---|--|---|----------------------------------|
| Factoría de Software e Multimedia,S.L. | 8 | 7 | 7 | 3 | 25 |

A Mesa de Contratación, en base ao informe emitido polo Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, de data 30 de maio de 2022 acorda prestar conformidade á puntuación obtida pola empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF B-70001912) na valoración do sobre “A” correspondente a documentación con criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra

14. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliábeil mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de tradución automatizada da Deputación de Pontevedra. (Expte.-2022007384).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912) na valoración correspondente aos xuízos de valor, e que é a seguinte:

| Empresas | Puntuación Sobre A |
|---|--------------------|
| Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912) | 25 puntos |



O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola única empresa que participa no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do referido e que acadou unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,50 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

Empresa : Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912)

1.-Prezo ofertado:

| | |
|-------------------------|------------|
| Importe sen o IVE: | 5.000,00 € |
| IVE (21 %): | 1.050,00 € |
| Importe total ofertado: | 6.050,00 € |

2.-Número adicional de palabras actualización dicionarios:

| | |
|--------------|-----------|
| 200 palabras | 10 puntos |
|--------------|-----------|

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes os criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida pola empresa é a seguinte:

| Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912) | |
|--|---------------------|
| Sobre B | |
| Menor prezo ofertado sen IVE | 12,89 puntos |
| Parámetros do servizo | 10,00 puntos |
| Total | 22,89 puntos |

A Mesa de Contratación acorda:



1) Aprobar a clasificación da única oferta presentada e admitida a este procedemento aberto simplificado que queda do seguinte xeito:

| POSICIÓN | EMPRESA | SOBRE "A" | SOBRE "B" | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---|-----------|--------------|------------------|
| 1ª | Factoría de Software e Multimedia, S.L. | 25 puntos | 22,89 puntos | 47,89 puntos |

2) Propor ao órgano de de contratación a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de evolución, mantemento e soporte especializado do sistema de traducción automatizada da Deputación de Pontevedra á empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912) polo prezo ofertado de 6.050,00 € (IVE engadido) de acordo co detalle seguinte:

Prezo ofertado :

Importe sen o IVE: 5.000,00 €

IVE (21 %): 1.050,00 €

Importe total ofertado: 6.050,00 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912), proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. O certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

3) Facultar ao secretario da Mesa para que proceda a requirir, mediante comunicación electrónica, á empresa Factoría de Software e Multimedia, S.L. (CIF: B-70001912) proposta como adxudicataria, para que, no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío do requirimento, presente a seguinte documentación, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

- a) A documentación acreditativa dos requisitos correspondentes ao equipo humano que se adscribe a este contrato:
 - I. Certificado de titulación.
 - II. Declaración responsable dos contratos realizados.
 - III. Certificado de vida laboral actualizado.
- b) Documento que acredite a garantía definitiva por importe de 250,00 € .

4) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



15. Sorteo para establecer o desempate entras as ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato menor correspondente á asistencia técnica e servizo de consultaría para o desenvolvemento, implantación, seguimento e verificación dun sistema de xestión de calidade, en relación coa atención ás persoas contribuíntes e aos entes delegantes, adaptado á norma ISO 9001:2015. (Expte.- 2022036443).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o día 19/05/2022 publicouse na plataforma de licitación de contratos da Deputación de Pontevedra VORTAL o contrato cuxo obxecto comprende a asistencia técnica e servizo de consultaría para o desenvolvemento, implantación, seguimento e verificación dun sistema de xestión de calidade, en relación coa atención aos contribuíntes e aos entes delegantes, adaptado á norma ISO 9001:2015

Durante o prazo de presentación de ofertas que comprendeu dende a publicación do anuncio de licitación ata as 10.00 horas do día 27/05/2022 presentaron oferta as seguintes empresas:

- ECINOR, ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACION Y NORMALIZACION, SL (B27380583)
- NORQUALITY CONSULTORES SL (B15850118)

O prego de condicións económico-administrativo establece na cláusula 1.11 como criterios de adxudicación do contrato os seguintes criterios de valoración automática:

- Prezo de licitación (75 puntos) valorado conforme se establece no anexo II do prego.
- Experiencia do equipo ofertado (25 puntos).

Das ofertas presentadas despréndense a seguintes puntuacións:

| | Puntuación máxima | Ecínor | Puntuación Ecínor | Norquality | Puntuación Norquality |
|--|-------------------|--------|-------------------|------------|-----------------------|
| Prezo | 75 | 11300 | 75 | 11300 | 75 |
| Definición e implantación de auditoría da norma ISO 9001:2015 | 15 | 168 | 15 | 648 | 15 |
| Implantación de sistemas de xestión e auditoría en organismos públicos | 10 | 144 | 10 | 97 | 10 |
| TOTAL | | | 100 | | 100 |

Dado que se produce un empate nas puntuacións obtidas polas empresas licitadoras, tal e como establece a cláusula 1.12 dos pregos que rexen esta contratación, compre acudir ao sorteo pola Mesa de contratación da Deputación Provincial de Pontevedra con carácter previo á adxudicación.

A Mesa de Contratación para poder efectuar ó órgano de contratación unha proposta de adxudicación seguindo o indicado nos pregos procede a levar a cabo o sorteo para o cal se outorgan os seguintes números a cada unha das empresas interesadas nesta contratación.



- Número 1: ECINOR, ENTIDAD CONSULTORA DE INNOVACION Y NORMALIZACION, S.L.
- Número 2: NORQUALITY CONSULTORES S.L.

Unha vez depositadas as bolas que conteñen o citados números dentro dunha bolsa, realízase a extracción dunha delas, dando como resultando deste sorteo a bóla número 1, polo que a empresa, “*Ecinor, Entidad Consultora de Innovacion y Normalizacion, S.L.*” resulta como a empresa ganadora á que a Mesa de Contratación debe propor como adxudicataria do contrato menor correspondente á asistencia técnica e servizo de consultaría para o desenvolvemento, implantación, seguimento e verificación dun sistema de xestión de calidade, en relación coa atención ás persoas contribuíntes e aos entes delegantes, adaptado á norma ISO 9001:2015.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e sete minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

